

INFORME DE AUDITORÍA DE CUENTAS ANUALES FORMATO PYME EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDIENTE

A los miembros del Pleno del CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS

Opinión

He auditado las cuentas anuales abreviadas adjuntas del CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS, que comprenden el balance a 31 de diciembre de 2022, la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria, en formato pyme, correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

En mi opinión, las cuentas anuales adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS a 31 de diciembre de 2022, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Fundamento de la opinión

Llevo a cabo mi auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España. Mi responsabilidad de acuerdo con dichas normas se describe más adelante, en la sección *Responsabilidad del auditor en relación con la auditoría de cuentas anuales* de nuestro informe.

Soy independiente de la entidad de conformidad con los requerimientos de ética, incluidos los de independencia, que son aplicables a mi auditoría de las cuentas anuales en España según lo exigido por la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas. En este sentido, no he prestado servicios distintos a los de la auditoría de cuentas ni han concurrido situaciones o circunstancias que, de acuerdo con lo establecido en la citada normativa reguladora, hayan afectado a la necesaria independencia de modo que se haya visto comprometida.

Considero que la evidencia de auditoría que he obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para mi opinión.

*Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA.
15701 Santiago de Compostela. MIEMBRO del ROAC con NUMERO 7197*

Aspectos más relevantes de la auditoría

Los aspectos más relevantes de la auditoría son aquellos que, según mi juicio profesional, han sido considerados como los riesgos de incorrección material más significativos en mi auditoría de las cuentas anuales del periodo actual. Estos riesgos han sido tratados en el contexto de mi auditoría de las cuentas anuales en su conjunto, y en la formación de mi opinión sobre éstos, y no expreso una opinión por separado sobre esos riesgos.

He determinado que no existen riesgos más significativos considerados en la auditoría que se deban comunicar en mi informe.

Responsabilidad del Órgano de Gestión relativa a las cuentas anuales

El Órgano de Gestión del Consello es responsable de la formulación de las cuentas anuales adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados del CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS, de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, que se identifica en la nota 2 de la memoria adjunta, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales libres de incorrección material, debida a fraude o error.

En la presentación de las cuentas anuales, el Órgano de Gestión es responsable de la valoración de la capacidad de la entidad de continuar como empresa en funcionamiento, revelando, según corresponda, las cuestiones relacionadas con la empresa en funcionamiento y utilizando el principio contable de empresa en funcionamiento excepto si los responsables del Órgano de Gestión tienen intención de liquidar la entidad o de cesar sus operaciones, o bien no exista otra alternativa realista.

Responsabilidad del auditor en relación con la auditoría de las cuentas anuales

Mis objetivos son obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales en su conjunto están libres de incorrección material, debida a fraude o error, y emitir un informe de auditoría que contiene mi opinión. Seguridad razonable es un alto grado de seguridad, pero no garantiza que una auditoría realizada de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría vigente en España siempre detecte una incorrección material cuando existe. Las incorrecciones pueden deberse a fraude o error y se consideran materiales si, individualmente o de forma agregada, puede preverse razonablemente que influyan en las decisiones económicas que los usuarios toman basándose en las cuentas anuales.

Como parte de una auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas en España, aplico mi juicio profesional y mantengo una actitud de escepticismo profesional durante toda la auditoría. También:

- Identifico y valoro los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales, debida a fraude o error, diseño y aplico procedimientos de auditoría para responder a dichos riesgos y obtengo evidencia de auditoría suficiente y adecuada para proporcionar una base para mi opinión. El riesgo de no detectar una incorrección material debida a fraude es más elevado que en el caso de una incorrección material debida a error, ya que el fraude puede implicar colusión, falsificación, omisiones deliberadas, manifestaciones intencionadamente erróneas, o la elusión del control interno.
- Obtengo conocimiento del control interno relevante para la auditoría con el fin de diseñar procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad.
- Evalúo si las políticas contables aplicadas son adecuadas y la razonabilidad de las estimaciones contables y la correspondiente información revelada por el Órgano de Gestión.
- Concluyo sobre si es adecuada la utilización, por los administradores, del principio contable de empresa en funcionamiento y, basándome en la evidencia de auditoría obtenida, concluyo sobre si existe o no una incertidumbre material relacionada con hechos o con condiciones que pueden generar dudas significativas sobre la capacidad de la Sociedad para continuar como empresa en funcionamiento. Si concluyo que existe una incertidumbre material, se requiere que llame la atención en mi informe de auditoría sobre la correspondiente información revelada en las cuentas anuales o, si dichas revelaciones no son adecuadas, que exprese una opinión modificada. Mis conclusiones se basan en la evidencia de auditoría obtenida hasta la fecha de mi informe de auditoría. Sin embargo, hechos o condiciones futuros pueden ser causa de que la Sociedad deje de ser una empresa en funcionamiento.
- Evalúo la presentación global, la estructura y el contenido de las cuentas anuales y de sus notas explicativas, y si las cuentas anuales representan las transacciones y hechos subyacentes de un modo que logran expresar la imagen fiel.


Me comunico con el Órgano de Gestión de la entidad en relación con, entre otras cuestiones, el alcance y el momento de realización de la auditoría planificados y los hallazgos significativos de la auditoría, así como cualquier deficiencia significativa del control interno que identifico en el transcurso de la auditoría.

*Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA.
15701 Santiago de Compostela. MIEMBRO del ROAC con NUMERO 7197*

Entre los riesgos significativos que fueron objeto de comunicación al Órgano de Gestión de la entidad, determino los que fueron de mayor significatividad en la auditoría de las cuentas anuales del periodo actual y que son, en consecuencia, los riesgos considerados más significativos.

Describo los riesgos en mi informe de auditoría salvo que las disposiciones legales o reglamentarias prohíban revelar públicamente la cuestión.

En Santiago de Compostela, a 18 de Julio de 2023.



JUAN JESUS GOMEZ CAPEANS

AUDITOR DE CONTAS. MIEMBRO ROAC 7197

BALANCE DE SITUACIÓN EJERCICIO 2022 - MODELO PEMES

ACTIVO	Notas memoria	2022	2021
A) ACTIVO NON CORRENTE		401,19	547,00
I. Inmobilizado intanxible	6	401,19	547,00
III. Inmobilizado material	5		
B) ACTIVO CORRENTE		27.216,35	25.188,51
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	7	3.210,59	95,20
VII. Periodificacións a curto prazo	13	6.916,02	3.351,30
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	8	17.089,74	21.742,01
TOTAL ACTIVO (A + B)		27.617,54	25.735,51

PATRIMONIO NETO Y PASIVO	Notas memoria	2022	2021
A) PATRIMONIO NETO		21.815,20	22.125,44
A-1) Fondos propios	9	21.815,20	22.125,44
III. Excedente de exercicios anteriores		22.125,44	3.263,55
IV. Excedente do exercicio		-310,24	18.861,89
C) PASIVO CORRENTE		5.802,34	3.610,07
VI. Acredores comerciais e outras contas a pagar	10	5.802,34	3.610,07
2. Outros acredores		5.802,34	3.610,07
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)		27.617,54	25.735,51

**CONTA DE PERDAS E GANANCIAS MODELO PEMES
EXERCICIO 2022**

	Notas memoria	2022	2021
A. Excedente do exercicio			
1. Ingresos da actividade propia	13	65.860,40	33.346,60
a) Cotas de asociados e afiliados		21.587,40	33.346,60
b) Ingresos Xacobeo III 2022		44.273,00	
9. Outros gastos da actividade	11	-66.024,83	-16.405,01
10. Amortización do inmovilizado	6	-145,81	-145,81
11. Outros resultados			2.066,11
A.1) Excedente da actividade		-310,24	18.861,89
14. Ingresos financeiros			
A.2) Excedente das operacións financeiras			
A.3) Excedente antes de impostos		-310,24	18.861,89
A.4) EXCEDENTE DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OP. CONTINUADAS		-310,24	18.861,89
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO		-310,24	18.861,89



CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS

Memoria do exercicio 2022

1. Actividade da entidade

- O Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que integra, coordina e representa na esfera autonómica, os colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais galegos para o cumprimento dos seus fins.
- O Consello Galego está integrado polos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.
- A sede oficial do Consello sitúase en Santiago de Compostela, Rúa Ramón Piñeiro 11.
- No seu ámbito territorial, as súas funcións son, entre outras:
 - Formar e manter o censo de peritos e enxeñeiros técnicos industriais incorporados nos colexios oficiais.
 - Fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades relativas á profesión de perito e enxeñeiro técnico industrial.
 - Convocar e celebrar congresos e actos similares relacionados coa enxeñaría técnica industrial e co exercicio da profesión.
 - Editar libros e traballos de carácter técnico-científico sobre enxeñaría para Galicia e publicar normas e disposicións de interese para os enxeñeiros técnicos industriais de Galicia.
 - Defender os dereitos dos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais, así como os dos seus colexiados.
 - Designar representantes da enxeñaría técnica industrial para participaren cando así estivera establecido, nos consellos ou organismos consultivos da Administración pública no ámbito de Galicia.
- Os órganos de goberno do Consello son o Pleno, a Xunta Executiva e o presidente. A Presidencia da Xunta Executiva e a xestión do Consello exerceuse de forma rotativa por parte dos Colexios integrantes, por períodos bianuais.
- A moeda funcional coa que opera é o euro.
- Para a formulación dos estados financeiros seguíronse os criterios establecidos no *Real Decreto 1491/2011, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos*, tal e como figura no apartado 4 “Normas de rexistro e valoración”.



Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



2. Bases de presentación das Contas Anuais

1. *Imaxe fiel.*

- As Contas Anuais do exercicio 2022 adxuntas foron formuladas pola Xunta Executiva a partir dos rexistros contables da entidade. Nestas contas, aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no *Real Decreto 1491/2011, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos*, así coma o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, polo que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade. Naqueles aspectos aos que o citado Real Decreto non fai referencia, aplicáronse os criterios establecidos polo *Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeneral de Contabilidade*.
- Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaran disposicións legais en materia contable.
- As Contas Anuais adxuntas someteranse á aprobación polo Pleno, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

2. *Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.*

- A entidade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

3. *Comparación da información.*

- As Contas Anuais preséntase cunha dobre columna, comparando os importes do exercicio e o anterior. Non existen circunstancias que impidan a comparabilidade dos datos do exercicio actual co exercicio anterior.

4. *Agrupación de partidas.*

- As Contas Anuais non conteñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación.

5. *Elementos recollidos en varias partidas.*

- Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou máis partidas do Balance.

6. *Cambios en criterios contables.*

- Non se realizaron, neste exercicio, axustes nas Contas Anuais por cambios de criterios contables.

7. *Corrección de erros.*

- As Contas Anuais do exercicio 2022 non inclúen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio anterior.

Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



3. Aplicación de resultados

- A proposta de aplicación do resultado por parte da Xunta Executiva é a seguinte:

Base de reparto	2022	2021
Saldo da conta de perdas e ganancias	-310,24	18.861,89
Total	-310,24	18.861,89

Aplicación	2022	2021
A excedente de exercicios anteriores	-310,24	18.861,89
Total	-310,24	18.861,89

- Non existen limitacións legais para a aplicación dos excedentes obtidos pola entidade.

4. Normas de rexistro e valoración

1. Inmobilizado intanxible.

- O immobilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custo, sendo este o prezo de adquisición ou o custo de produción.
- Despois do recoñecemento inicial, o immobilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no caso de existir, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.
- Os activos intanxibles que teñen vida útil definida amortízanse de forma sistemática en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva.
- En cada peche de exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a entidade revisa o importe en libros dos seus activos intanxibles, para determinar se ditos activos sufriron unha perda por deterioro de valor. No presente exercicio non se recoñeceron "Perdas por deterioro" derivadas dos activos intanxibles.
- Non existe ningún immobilizado intanxible con vida útil indefinida.
- Aplicacións informáticas: Valóranse ao prezo de adquisición ou custo de produción. A vida útil destes elementos estímase en 4 anos.
- Propiedade industrial: Valórase ao prezo de adquisición ou custo de produción, incluíndo o custo de rexistro e formalización da propiedade industrial. A vida útil destes elementos estímase en 10 anos.

Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



2. Inmobilizado material.

- É valorado ao seu prezo de adquisición ou custo de produción, que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, tódolos gastos adicionais e directamente relacionados que se produciran ata a súa posta en funcionamento.
- A Xunta de Goberno da entidade considera que o valor contable dos activos non supera o valor recuperable dos mesmos.
- Rexístrase unha perda por deterioro do valor dun elemento do inmobilizado material cando o seu valor neto contable supera ao seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable descontando os custos de venda e o seu valor en uso.
- A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, considerando un valor residual nulo. A porcentaxe media de amortización dos equipos informáticos que constitúen o inmobilizado material da entidade é do 25%.

3. Instrumentos financeiros.

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios.
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os xurdidos da venda de activos non correntes.
- Valores representativos de débeda doutras empresas: tales como as obrigas, bonos e pagarés.
- Instrumentos de patrimonio doutras empresas.
- Derivados con valoración favorable para a entidade.
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais.
- Débedas con entidades de crédito.
- Obrigas e outros valores negociables emitidos: tales como bonos e pagarés.
- Derivados con valoración desfavorable para a entidade: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo.
- Débedas con características especiais.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito (incluídos os xurdidos da compra de activos non correntes), fianzas e depósitos recibidos e desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións.

Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



Efectivo e outros medios líquidos equivalentes:

Baixo este epígrafe do Balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outras inversións a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Pasivos financeiros:

- Os préstamos, obrigas e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas a pagar na liquidación ou reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na Conta de Perdas e Ganancias segundo criterio do devengo utilizando o método do xuro efectivo. O importe devengado e non liquidado engádesse ao importe en libros do instrumento, na medida en que non se liquidan no período no que se producen.
- As contas a pagar rexístranse inicialmente ao seu custo de mercado, e posteriormente son valoradas ao custo amortizado, utilizando o método do xuro efectivo. Cando se trata de contas a pagar con vencemento inferior a un ano, e sempre que o efecto de non actualizar os fluxos no sexa significativo, valóranse ó seu valor nominal.

4. Impostos sobre beneficios.

- O gasto por imposto sobre beneficios determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando a taxa de impostos vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.
- Os activos e pasivos por impostos diferidos proceden das diferencias temporarias, definidas estas como importes previstos a pagar ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria á taxa de impostos ao que se espera sexan recuperados ou liquidados.
- Os activos por impostos diferidos nacen, da mesma forma, como consecuencia das bases impoñibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

5. Ingresos e gastos.

- Os ingresos e os gastos son imputados en función do criterio do devengo sendo independente o momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.
- A entidade unicamente contabiliza os beneficios realizados na data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles (aínda que sexan de forma eventual) son contabilizados tan pronto como son coñecidos.
- Os ingresos pola venda de bens ou servicios recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a percibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos.

Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



6. Subvencións, doazóns e legados.

- As subvencións de capital non reintegrables son valoradas polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto, e impútanse aos resultados en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados por esas subvencións. No caso de activos non depreciables, a subvención imputarase ao resultado do exercicio no que se produza a venda ou baixa no inventario dos mesmos.
- Mentres teñan o carácter de subvencións reintegrables, contabilízanse como débedas a longo prazo transformables en subvencións.
- Cando as subvencións sexan concedidas para financiar gastos específicos, imputaranse como ingresos no exercicio en que se devenguen os gastos que estean financiando.

7. Criterios empregados nas transaccións entre partes vinculadas.

No suposto de existiren, as operacións entre empresas do mesmo grupo, con independencia do grao de vinculación, contabilizaranse de conformidade coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións que se realicen contabilizaranse no momento inicial polo seu valor razoable. A valoración posterior realizarase de conformidade co previsto nas normas particulares para as contas que correspondan.

5. Inmobilizado material

O inmobilizado material do Consello está integrado unicamente por equipos informáticos, por valor de 601,48 euros, que se atopan totalmente amortizados.

6. Inmobilizado intanxible

- O detalle de movementos habido neste capítulo do Balance de situación adxunto é o seguinte:

	Patentes y marcas	Aplicacións informáticas	Total
SALDO INICIAL BRUTO 2021	1.710,05	1.050,27	2.760,32
(+) Adquisicións, ampliacións e melloras			
(-) Saldas, baixas ou reducións			
D) SALDO FINAL BRUTO 2021 / SALDO INICIAL 2022	1.710,05	1.050,27	2.760,32
(+) Adquisicións, ampliacións e melloras			
(-) Saldas, baixas ou reducións			
SALDO FINAL BRUTO 2022	1.710,05	1.050,27	2.760,32
AMORT. ACUMULADA, SALDO INICIAL 2021	1.017,24	1.050,27	1.921,70
(+) Dotación á amortización do exercicio 2021	145,81		145,81
(-) Baixa amort. Ac. Baixas de bens			
AMORT. ACUMULADA, SALDO FINAL 2021 / INICIAL 2022	1.163,05	1.050,27	2.213,32
(+) Dotación á amortización do exercicio 2022	145,81		145,81
(-) Baixa amort. Ac. Baixas de bens			
AMORT. ACUMULADA, SALDO FINAL 2022	1.308,86	1.050,27	2.359,13
SALDO NETO 2022	401,19	0,00	401,19


Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



- O inmovilizado intanxible totalmente amortizado ascendía, a 31 de decembro de 2022, a 1.302,27 euros, ao igual que a finais do exercicio anterior.

7. Usuarios e outros debedores da actividade propia

- O movemento habido nesta conta durante o exercicio 2022 e o precedente é o que a continuación se detalla:

SALDO INICIAL BRUTO 2021	7.913,97
Aumentos	49.124,15
Diminucións	56.942,92
D) SALDO FINAL BRUTO 2021 / SALDO INICIAL 2022	95,20
Aumentos	27.307,23
Diminucións	24.191,84
SALDO NETO 2022	3.210,59

- O saldo pendente ao remate do exercicio componse da seguinte forma:

	2022	2021
Colexios		0,00
Xunta de Galicia	3.210,59	92,99
Retenciones		2,21
	3.210,59	95,20

O saldo debedor da Xunta de Galicia correspóndese co convenio asinado coa Consellería de Xustiza para a prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza.

8. Outros instrumentos financeiros

- Ademais dos activos e pasivos directamente relacionados coa actividade da empresa, o Balance de situación adxunto non recolle partidas de carácter financeiro.
- O efectivo e outros líquidos equivalentes posuídos pola entidade eran a 31 de decembro de 2022 de 21.742,01 euros, e de 17.089,74 euros ao peche do presente exercicio.

Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



9. Fondos propios

- O epígrafe “Fondos propios” recolle o superávit neto xerado polo Consello dende a súa creación. O movemento neste exercicio e o anterior foi o seguinte:

	Remanente	Resultados negativos de exerc. anteriores	Excedente do exercicio	Total
SALDO INICIAL 2021	196.299,21	-185.248,33	-7.787,33	3.263,55
Aplicación de Rdos.		-7.787,33	7.787,33	
Excedente do exercicio			18.861,89	18.861,89
SALDO INICIAL 2022	196.299,21	-193.035,66	18.861,89	22.125,44
Aplicación de Rdos.	18.861,89		-18.861,89	
Excedente do exercicio			-310,24	-310,24
SALDO FINAL 2022	215.161,10	-193.035,66	-310,24	21.815,20

- En relación aos excedentes de exercicios anteriores, non existen circunstancias específicas que restrinxan o importe que figura contabilizado.

10. Situación fiscal

- O Consello Galego está exento do Imposto sobre o Valor Engadido no referente aos ingresos polas cotas dos seus membros, polo que as cotas do IVE soportadas non deducibles que correspondan considéranse gasto ou inversión, segundo proceda.
- Adicionalmente, está parcialmente exento do Imposto de Sociedades. Tal exención non atinxe aos rendementos derivados do exercicio de explotacións económicas, aos derivados do patrimonio, nin tampouco a determinadas rendas obtidas en transmisións de bens. Dado que a entidade non obtén rendementos non relacionados directamente co seu obxecto, nos últimos exercicios estivo totalmente exento de Imposto de Sociedades.
- Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro últimos exercicios. As declaracións de impostos non se poden considerar definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación polas autoridades fiscais, e con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible de interpretacións. A Xunta Executiva estima que calquera pasivo fiscal adicional que se poida poñer de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo nas Contas Anuais tomadas no seu conxunto.

Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



- O detalle dos saldos debedores e acredores mantidos con Administracións Públicas a 31 de decembro de amósase a continuación:

	2022	2021
IVE		
Devolución de impostos		2,21
Total Facenda Pública, debedora	0,00	2,21
IVE		436,90
Retencións	534,55	962,84
Seguridade Social		
Total Facenda Pública, acreedora	534,55	1.399,74

11. Ingresos e gastos

O epígrafe “Outros gastos da actividade” está composto unicamente por gastos de servizos exteriores.



No ano 2022 organizouse o evento XACOBEO ITI 2022, con motivo da ofrenda o Apóstol Santiago por parte da Inxenería Técnica Industrial, actos que tiveron lugar entre os días 4 e 8 de maio. Os ingresos e gastos (estes últimos incluídos no epígrafe outros gastos da actividade) ascenderon a 44.273,00 euros.

12. Actividade da entidade

- A actividade fundamental do Consello Galego é a integración dos colexios oficiais e a colaboración con outras entidades públicas.
- Para o exercicio dos seus fins, non conta con persoal propio, senón que as funcións de administración e xestión son realizadas, con carácter rotativo, polos colexios territoriais.
- Os recursos económicos empregados no desenvolvemento da actividade do Consello proveñen das cotas pagadas polos colexios oficiais integrantes. Cando se realiza o presuposto do exercicio, fíxanse as cotas a pagar polos colexios, que se distribúen en proporción ó número de colexiados. No exercicio 2022, os ingresos por cotas ascenden a 21.587,40 euros.

13. Outra información

- Os membros da Xunta Executiva non percibiron remuneración no exercicio das súas funcións.
- As presentes contas anuais foron sometidas a auditoría de contas forma voluntaria. Os honorarios do auditor de contas ascenden a 500 euros máis impostos.
- No epígrafe Periodificacións do balance recóllese o gasto pola adquisición de medallas y marcos de madeira que se entregan ós colexiados que reciben insignias de ouro do Consello. A 31 de decembro, este importe ascende a 6.916,02 euros.
- O Consello ten abertos varios procedementos administrativos, contra varios concellos, en relación a licitacións de proxectos de eficiencia enerxética no alumeadado público, que se inician

Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais



en defensa dos intereses dos profesionais colexiados. Estes procedementos non teñen incidencia nos estados financeiros do Consello.

Santiago Gómez-Randulfe Álvarez
Presidente



CONSELLO GALEGO DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS

José Manuel Aldemira Requejo
Secretario